

EURO./KG. VIVO S/G			EUROS		<p>Terceira semana de estabilidade: A pesares de que a prohibición do consumo de carne de porco a causa da gripe A H1N1 non ten ningunha xustificación científica, o peche de certas fronteiras (Rusia) lanza unha mensaxe negativa sobre o consumo, e se ben de momento non parece ter repercusión sobre o consumo interior, o sector amósase preocupado por esta inxustificada medida.</p> <p>Así, pois, unha semana máis e aínda estando de cheo na remontada estacional do prezo, non hai movementos estando todo o sector moi preocupados polas consecuencias que poida ter a gripe. Incertidume.</p> <p>Pesos: Primeira semana tras a pascua de pesos á baixa situándose estes claramente por baixo dos rexistrados no pasado ano; parece indicar que a oferta non é excesiva aínda que polas circunstancias coxunturais, é suficiente.</p> <p>Mercados Europeos: O temor aos efectos da gripe sobre os mercados europeos é patente: Alemaña, Bélxica, Holanda e Italia anótanse descensos; mentras os mercados estatais e Francia mantéñense estables; e tan só Dinamarca anota alzas. As baixas vendas de carne (por baixo do previsto) polo temor dos consumidores alemáns (inxustificado, pero hipersensibilizados ante os temas de sanidade e alimentación) poden xustificalos; aínda que tamén se pode apuntar unha estratexia dos matadoiros alemáns para tentar gañar competitividade en prezos no mercado comunitario.</p>
CARNICEIRO		KG.	DIF.		
SELECTO		1,175	0,00		
NORMAL		1,150	0,00		
CASTRADO		1,300	0,00		
CANAL II		1,494	0,00		
DESVELLE		0,75/0,81	0,00		

BACORIÑOS				<p>O descenso estacional, aínda que con atraso, parece estar á volta da esquina:</p> <p>Tras cinco semanas cunhas cotizacións estabilizadas a 47 €, a cotización dos bacoriños baixa lixeiramente; por isto e aínda que o mercado segue estando desestacionalizado, parecen darse os primeiros síntomas do previsible descenso estacional (que este ano se dará con certo atraso).</p> <p>A dura crise de custos e prezos dos últimos anos afecta claramente a ámbolos elos da cadea: polo lado da produción, a crise provocou unha redución da cabana de nais (sobre todo peche de explotacións de reducido tamaño) que reduciu a dispoñibilidade de leitóns no "mercado libre"; polo lado da demanda, esta prolongada crise provocou un esgotamento financeiro do cebadoiro. Deste xeito o mercado móvese a impulsos; entrado maio a saída de leitóns ao mercado vai ir a máis mentras que a demanda irá a menos apretada polo calendario do cebo, aínda que por toda a península parece que hai prazas vacías, o que sostén as cotizacións nuns niveis relativamente altos para a época do ano na que nos atopamos.</p>
EUROS			DIF.	
PROCED	KG.	UNIDADE		
ÚNICA	2,30	46,00	-1,00	
VARIAS	2,05	41,00	-1,00	
<p>BASE 20 QUILOS SEGUNDO A PROCEDENCIA: ÚNICA EXPLOTACIÓN (LOTES DE 500 OU MÁIS). DE VARIAS (LOTES DE MENOS DE 500 ANIMAIS)</p>				

OVOS					<p>Primeira baixa tras cinco semanas de estabilidade na cotización do ovo.</p> <p>Como era previsible, primeiro recurte estacional do prezo do ovo, aínda que con certo atraso; normalmente pasada a Pascua, o mercado do ovo tende a enfriarse; porén, no presente ano as cotizacións aguantaron o tirón con cinco semanas de estabilidade tras as alzas producidas nos meses de febreiro e marzo. A corrección realízase para dar estabilidade ao mercado; o nivel de actividade é aceptable e amósanse claros síntomas de fortaleza da demanda. Os datos estatísticos do volume de existencias segue nuns baixos niveis (baixando na presente semana) o que indica unha boa fluidez do mercado.</p>
EUROS				DIF.	
CLASE	BRANCOS	DIF.	MOUROS		
XL	1,66	0,00	1,66	0,00	
L	1,41	-0,02	1,41	-0,02	
M	1,38	-0,03	1,38	-0,03	
S	1,08	-0,02	1,08	-0,02	

GALIÑAS DE DESVELLE			<p>Estabilidade tras o esboralle da cotización das galiñas nas tres últimas semanas: Sinalamos ao longo do ano tres claros ciclos: 1º. No mes de xaneiro o sector aproveita para a reposición de galiñas (baixan as cotizacións); 2º febreiro/marzo cunha oferta á baixa motiva repunte das cotizacións. Pasada esta fase, outra reposición de galiñas (aumentou a oferta) e reduciu as cotizacións (acumúlanse 15 céntimos de mermas nas tres últimas semanas). As cotizacións seguen por baixo das acadadas no 2008 (-16,22%).</p>
EUROS		DIF.	
	KG.		
SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,18/0,31	0,00	

COELLO			<p>Segunda baixa nas cotizacións do coello: Aínda que a primeira máxima anual fora inferior ás rexistradas en anos anteriores (agás no 2007), resultou positivo o mantemento desta durante sete semanas. Pasadas estas, dúas baixas (-0,13 €), provocan un forte encontro entre as partes: a produción mantén que o baixo nivel da produción e a boa recollida non xustifica baixas; porén, a industria xustifica unha situación de consumo preocupante, empeorando cada semana. O consumo segue baixando, e o mercado das canles non soporta os actuais prezos en vivo.</p>
EUROS		DIF.	
	KG.		
GRANXA EN VIVO			
NOVO	1,57 €	-0,08	

COTIZACIÓNS SUBASTA DE GANDO DO DÍA 5/05/2009



LOLUXA
AGROPECUARIA
DE GALICIA

Feira Internacional de Galicia
Silleda - Pontevedra
Tifno 986-580050 / Fax 986-580162

BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIÓNS	150.729
TOTAL ASISTENCIA	675		
TOTAL ADXUDICADOS	619		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	117	27
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	135	116
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	161	137

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	291	245
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	362	264
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	375	325

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	432	358
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	452	396

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIÓNS	205.654
TOTAL ASISTENCIA	335		
TOTAL ADXUDICADOS	309		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1.414
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	937
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	544
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	250

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIÓNS	41.166
TOTAL ASISTENCIA	66		
TOTAL ADXUDICADOS	53		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	2,10	2,24
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2,78	2,32
RAZA RUBIA GALEGA	2,96	2,91

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría